

CICLO DE CINE

O GATOPARDO

Luns, 1 setembro. 19.00 h

Luchino Visconti, Italia, 1963, 205 min, NRM 13
Burt Lancaster, Claudia Cardinale, Alain Delon...

En Palermo, tras a invasión de Sicilia polas tropas de Garibaldi, unha familia refúxiase coa compañía de Tancredi, un parente que simpatiza co movemento de unificación.

MORTE EN VENECIA

Luns, 8 setembro. 19.00 h

Luchino Visconti, Italia, 1971, 127 min, NRM 13
Dirk Bogarde, Silvana Mangano, Marisa Berenson...

A principios do século XX un compositor alemán vai de vacacións a Venecia pasar os seus derradeiros días. Alí vese atraído por un rapaz e ese sentimento vaille consumindo.

O INOCENTE

Luns, 15 setembro. 19.00 h

Luchino Visconti, Italia, 1976, 123 min, TP
Giancarlo Giannini, Jennifer O'Neill, Laura Antonelli...

Giuliana queda embarazada do seu amante. Aínda que o marido a quere ignorar, o nacemento do neno espértalle uns ciúmes que o conducen a tomar unha decisión.

MEDEA

Luns, 22 setembro. 19.00 h

Pier Paolo Pasolini, Italia, 1969, 110 min, NRM 13
María Callas, Giuseppe Gentile, Laurent Terzieff...

Medea namórase de Xasón e axúdao a roubar o velocino de ouro. Regresan a Grecia xuntos, pero Xasón casa con Glauca. Desde o exilio, Medea organiza a súa vinganza.

Todas as actividades son de acceso libre ata encher a capacidade

Axúdanos a conservar o medio ambiente gardando este folleto ata a fin das actividades

Centro Sociocultural A Coruña

Cantón Grande, s/n
981 185 060
www.afundacion.org

Organiza:



CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA



Colabora:



Detalle vestido utilizado para **A traviata**, fotografía de Fiorenzo Nicolli



TEMPADA LÍRICA A CORUÑA 14/15

CENTRO SOCIOCULTURAL AFUNDACIÓN
A CORUÑA

AGOSTO - OUTUBRO 2014

//Afundación

EXPOSICIÓN

Piero Tosi, un deseñador de Óscar



LUN - SÁB
12.00 - 14.00 h
17.00 - 21.00 h

20 ago - 7 set

Coincidindo co inicio da Tempada Lírica e a programación d' *A traviata* de Giuseppe Verdi nunha nova produción cuxo vestuario está inspirado no que Piero Tosi deseñou para *O gatopardo*, Afundación acollerá unha mostra con traxes orixinais do deseñador italiano.

A exposición reunirá unha selección de pezas que o gañador do Óscar da Academia confeccionou para filmes como *Morte en Venecia* e *O inocente* de Luchino Visconti, *Medea* de Pasolini e a ópera *Don Carlo* de Verdi, na montaxe que Mauro Bolognini realizou en La Fenice de Venecia coa soprano Raina Kavaibanska.



CONFERENCIAS

Gioacchino Lanza Tomasi

O gatopardo

MÉR
20.00 h

3 set

A charla do musicólogo, e exdirector do Teatro San Carlo de Nápoles, versará sobre as relacións ente a novela *O gatopardo*, a película homónima e a música de Giuseppe Verdi. Lanza é fillo adoptivo de Giuseppe Tomasi di Lampedusa, autor da novela analizada.

Mario Pontiggia

Luchino Visconti e *A traviata*

VEN
20.00 h

5 set

Mario Pontiggia, director de escena d' *A traviata*, analizará as tres montaxes que Luchino Visconti fixo da obra con apoio de material fotográfico e fílmico, boa parte del inédito.

Homenaxe a María Luisa Nache

Como complemento á homenaxe, do 10 ao 24 de setembro, gozaremos dunha sinxela mostra de traxes e accesorios da soprano antes das actividades no centro. Coa colaboración de El Corte Inglés.

María Luisa Nache:
Ciencia do cante, arte do estilo

XOV
20.00 h

11 set

O profesor de canto Antón de Santiago exporá as principais virtudes canoras da soprano e da súa traxectoria. A galega converteuse nunha das máis importantes intérpretes da súa corda en España.

Cinco tempos de María Luisa Nache na súa cidade

MÉR
20.00 h

24 set

O crítico Julio Andrade Malde examinará a biografía de Nache mediante ilustracións musicais: a formación, o desenvolvemento da súa carreira e a súa implicación coa ensinanza.

CONCERTOS

Helena Abad, soprano

As novas voces galegas

MÉR
20.00 h

10 set

A prometedora soprano coruñesa, Helena Abad, interpretará arias de ópera e romanzas de zarzuelas. O ciclo «As novas voces galegas» foi iniciado en 2005 por Amigos de la Ópera para dar a coñecer novos talentos.

Francisco Corujo, tenor

Outras voces, outros ámbitos

XOV
20.00 h

18 set

En *Entre dos orillas. De Italia a Latinoamérica*, o tenor canario interpretará unha selección de cancións extraídas de *Songs of Paolo Tosti*, un disco que obtivo grande éxito en Italia. Dedicará unha segunda parte á música vocal de Latinoamérica.

Concerto Final do Curso de Alberto Zedda

Curso de Interpretación Vocal

SÁB
20.00 h

11 out

Con motivo do curso de interpretación vocal impartido polo director Alberto Zedda na Tempada Lírica, o alumnado ofrecerá un concerto final. Alberto Zedda é director da Accademia Rossiniana de Pésaro.

Carmen Romeu, soprano

Outras voces, outros ámbitos

VEN
20.00 h

17 out

A soprano valenciana, premio Cantante Revelación nos últimos Premios Líricos españois, debutará na Coruña cun recital de pezas como *La vie en rose*, *Padam, Padam*, *Non, je ne regrette rien*, entre outras, titulado *Bagatelles. Desde Francia con amor*.